

Ruta do Rio Tambre



ata a desembocadura do río Donas



Iniciaremos esta senda na *Ponte Nafonso* cara a estrada xeral con dirección ao Pazo do Enxido.

Atoparémolo despois de andar 3 quilómetros e de ter pasado por unha ponte encima do río Donas, no lugar de A Corga.



Dende a estrada iremos observando a desembocadura do río Donas ao río Tambre. Por esta mesma senda atoparémonos cun cruceiro, e cun desvío á man esquerda que nos indica a Igrexa de San Tirso de Cando. De aquí baixaremos á dereita cara o *Pazo do Enxido*.



O noso próximo destino é a *central eléctrica*, feita polo arquitecto galego Antonio Palacios.

Para chegar alí, collemos a pista que hai cara arriba do Pazo á man dereita, que nos levará directamente a ela.

Esta é unha paraxe moi tranquila, soamente o silencio vese interrompido polo zumido da electricidade.






A *ponte colgante* invítanos a pasear sobre ela e deleitarnos co *Estuario* que forma o río Tambre. Ten un grande atractivo ecolóxico pola cantidade de aves e animais que se crían nas súas beiras.

O *Estuario* inclúe o último tramo do Tambre, a súa desembocadura, a do río Tins e o fondo da ría de Muros e Noia.



Algo máis para ver: *Igrexa de San Tirso de Cando.*



Curioso e fermoso conxunto formado pola Igrexa do século XVIII e que anos despois foi completado coa Capela do Carme e unha bonita torre campanario. Merece a pena visitar o seu interior e admirar o retablo do altar maior e os dous laterais.





Pazo do Enxido. Tamén coñecido como *Pazo do Tambre*, obra do arquitecto Antonio Palácios. Gozaremos do paseo polos xardíns e admiraremos o seu embarcadoiro.

Algo máis que facer: Piragüismo polo Tambre

En este río onde se realiza o campionato galego de piragüismo. No club podemos recibir clases para poder chegar algún día a ser uns grandes piragüitas.



Algo máis que saber: Río Donas.

O río Donas ten unha lonxitude de máis de doce quilómetros. Transcorre dende Negreira, pasando por San Ourense e remata na Ponte Nafonso.

Dificultade da Ruta: Media

Lonxitude: 12 quilómetros

Plano ruta

